

## PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA NORMATIVA POLA QUE SE REGULA A SELECCIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CONTRATADO DA USC.

A Lei Orgánica 4/2007 de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades introduce modificacións substanciais en moitos ámbitos da realidade universitaria. As modificacións afectan, entre outros, ao réxime do persoal docente e investigador para o que a propia lei establece que no prazo dun ano deberá ditarse polo Goberno un novo estatuto. Non parece oportuno, pois, abordar modificacións substanciais nas normas que regulan o persoal docente e investigador, aínda que fanse precisas algunhas modificacións de adaptación á nova legalidade.

En concreto, é urxente a adaptación da Normativa pola que se regula a selección do persoal docente e investigador contratado e interino da Universidade de Santiago de Compostela, aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2005 de cara aos vindeiros procesos selectivos que se están a celebrar.

A Disposición Adicional Oitava da dita Lei establece que “as universidades adaptarán os seus estatutos conforme ao disposto na Lei nun prazo máximo de tres anos. Ata que non se produza a adaptación dos estatutos, os Consellos de Goberno das universidades poderán aprobar a normativa de aplicación que sexa necesaria para o cumprimento do establecido na Lei”.

Aproveitando a oportunidade considérase conveniente a introdución dalgunhas modificacións que, se ben non veñen obrigadas pola nova lei orgánica de universidades, si son oportunas pola experiencia acadada na aplicación do regulamento actual. Así:

- + recóllese expresamente que os membros do Consello de Dirección non pertencen ás comisións de selección;
- + permítense a acreditación dos méritos alegados respecto a experiencia docente por calquera medio de proba admisible en dereito e que sexan suficientes a xuízo da Universidade;
- + adáptase o texto á Resolución do 15 de marzo de 2005, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos
- + e finalmente, establécese a utilización da táboa de afinidades entre áreas de coñecemento que se establece no Anexo V do Real Decreto 774/2002 e, subsidiariamente, o que se recolle no propio regulamento.

É por todo isto que, o Consello de Goberno, na súa sesión do 10 de maio de 2007,

### **A C O R D A:**

**ÚNICO.-** A Normativa pola que se regula a selección do persoal docente e investigador contratado e interino da Universidade de Santiago de Compostela, aprobada por Acordo do Consello de Goberno do 17 de febreiro de 2005, modifícase do xeito que se expresa:

**Un. O Artigo 1. Apartado 1**, queda redactado da seguinte maneira:

"1. Esta normativa ten por obxecto regular os concursos para a selección de profesores contratados doutores, profesores colaboradores, profesores axudantes doutores, profesores asociados e axudantes aos que alude a Sección Primeira do Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades (LOU), *modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril*, así como de lectores de linguas modernas ou estranxeiras e de profesores interinos de substitución. Inclúese tamén na presente normativa a regulación do procedemento para a selección de funcionarios interinos dos corpos docentes universitarios."

**Dous. O Artigo 2. Apartado 3**, queda redactado da seguinte maneira:

"A selección do persoal docente e investigador contratado levarase a cabo segundo o procedemento establecido neste regulamento."

**Tres. O Artigo 7. Apartado 1**, segundo o establecido no parágrafo terceiro do apartado 48 da Lei Orgánica 4/2007 queda redactado da seguinte maneira:

"As convocatorias de concursos comunicaranse ao *Consello de Universidades* e ao Consello Galego de Universidades con suficiente antelación para a súa difusión."

**Catro. O Artigo 11. Apartado 1**, queda redactado da seguinte maneira:

"1. Segundo o que dispón o apartado 23.3 dos Estatutos da USC, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á establecida para ocupar a praza convocada.

**Punto 2.**

"Os membros do Consello de Dirección non formarán parte das comisións de selección."

**Cinco. O Artigo 21. Apartado 1**, segundo o establecido no apartado 52 da Lei Orgánica 4/2007, queda redactado da seguinte maneira:

"1. Prazas de profesor contratado doutor

- Posuír o título de doutor
- Ter recibido a avaliación positiva desta actividade por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou de calquera outro órgano de avaliación que determinen as leis doutras Comunidades Autónomas, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade

Autónoma de Galicia (en diante, o órgano de avaliación externa correspondente)."

**Seis. Artigo 21. Apartado 3**, segundo o establecido no apartado 50 da Lei Orgánica 4/2007, queda redactado da seguinte maneira:

- " 3. Prazas de profesor axudante doutor
- Posuír o título de doutor
  - Ter acreditada a avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora por parte do órgano de avaliación externa correspondente.

*Será mérito preferente a estadía do candidato en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, españois ou estranxeiros, distintos da USC."*

**Sete. Artigo 21. Apartado 6**, segundo o establecido no apartado 49 da Lei Orgánica 4/2007, queda redactado da seguinte maneira:

- "6. Prazas de axudante
- Ter obtido o título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto dentro dos cinco anos anteriores ao remate do prazo de presentación de solicitudes.
  - Estar admitido ou en condicións de ser admitido nos estudos de doutoramento.
  - Non ter sido axudante ao abeiro da Lei Orgánica 11/1983, de 25 de agosto, de Reforma Universitaria, extremo que deberá acreditarse mediante declaración."

**Oito. O Artigo 23, punto A**, segundo o establecido no apartado 50 da Lei Orgánica 4/2007, queda redactado da seguinte maneira:

"A. Os documentos acreditativos do currículo estruturarase consonte ao seguinte:

***I. RENDEMENTO ACADÉMICO***

1. Expediente académico
2. Grao de licenciatura
3. Diploma de estudos avanzados ou suficiencia investigadora
4. Título de doutor
5. Título de especialista

***II. EXPERIENCIA DOCENTE***

1. Docencia universitaria
2. Docencia non universitaria
3. Colaboración na actividade docente-asistencial en Hospitais Clínicos Universitarios (só para prazas de PACS)

***III. HABILITACIÓN***

**III.BIS. ESTADIA EN UNIVERSIDADES OU CENTROS DE RECOÑECIDO PRESTIXIO (Apartado de aplicación só para a provisión das prazas de profesores axudantes doutores)**

**IV. EXPERIENCIA INVESTIGADORA**

1. Publicacións:

- Libros
- Artigos científicos
- Capítulos de libros
- Outras publicacións
- Patentes

2. Relatorios e comunicacións en congresos

3. Participación en proxectos de investigación e actividades desenvolvidas ao abeiro do artigo 83 da LOU

4. Estadías noutros centros de investigación

5. Bolsas ou contratos de investigación

6. Outros méritos de investigación

**V. EXPERIENCIA PROFESIONAL**

**VI. EXPERIENCIA ASISTENCIAL**

**VII. OUTROS MÉRITOS RELEVANTES PARA A PRAZA**

1. Experiencia de xestión universitaria

2. Coñecemento da lingua propia da USC

3. Participación en actividades de formación e innovación docente

4. Colaboración na actividade docente-asistencial en Hospitais Clínicos Universitarios (excepto en prazas de PACS)

5. Outros

**VIII. PERÍODO DE ACTIVIDADE DOCENTE, INVESTIGADORA E DE XESTIÓN DESENVOLVIDA NA USC (Apartado de aplicación só para a provisión das prazas a que fai referencia a Disposición adicional primeira)**

Para que proceda a valoración dos méritos do currículo, estes deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación que se indique na convocatoria.

**Nove. Artigo 35. Punto 1**, segundo o establecido no apartado 52 da Lei Orgánica 4/2007, queda redactado da seguinte maneira:

"1. Profesor contratado doutor

Os profesores contratados doutores serán contratados, en réxime laboral, para o desenvolvemento, con plena capacidade docente e investigadora, de tarefas de docencia e de investigación, ou prioritariamente de investigación, *con dedicación a tempo completo e o contrato será de carácter indefinido.*"

**Dez. Artigo 35. Punto 3**, segundo o establecido no apartado 50 da Lei Orgánica 4/2007 queda redactado da seguinte maneira:

"3. Profesor axudante doutor

Os profesores axudantes doutores serán contratados en réxime laboral, a tempo completo e por un período non inferior a un ano nin superior a *cinco anos*, podendo prorrogarse ou renovarse si se concertase por duración inferior a

máxima, sempre que a duración total non exceda dos indicados *cinco anos*, para desenvolver tarefas docentes e de investigación. *En calquera caso, o tempo total da duración conxunta entre esta figura contractual e a figura de axudante, nesta Universidade ou noutra distinta, non poderá exceder de oito anos. As situacións de incapacidade temporal, maternidade e adopción ou acollemento durante o período de duración do contrato, interromperán o seu cómputo.*"

**Once. Artigo 35. Punto 4**, segundo o establecido no apartado 53 da Lei Orgánica 4/2007 queda redactado da seguinte maneira:

"4. Profesor asociado

Os profesores asociados serán contratados en réxime laboral para o desenvolvemento de tarefas docentes directamente vinculadas coa súa actividade profesional principal.

Os contratos terán carácter temporal e dedicación a tempo parcial, sendo a súa *duración trimestral, semestral* o anual e poderá ser renovado por períodos de igual duración sempre que se siga acreditando o exercicio da actividade profesional fóra do ámbito académico universitario, logo do informe do Consello de Departamento.

Nas áreas relacionadas con ciencias da saúde e ciencias clínicas veterinarias, a duración dos contratos de profesor asociado de ciencias da saúde será a prevista nos correspondentes concertos entre a Universidade e as institucións sanitarias."

**Doce. Artigo 35. Punto 6**, segundo o establecido no apartado 49 da Lei Orgánica 4/2007 queda redactado da seguinte maneira

"5. Axudante

Os axudantes serán contratados en réxime laboral con dedicación a tempo completo e por un período non inferior a un ano nin superior a *cinco anos*, podendo prorrogarse ou renovarse si se concertase por duración inferior a máxima, sempre que a duración total non exceda dos indicados *cinco anos*. *En calquera caso, o tempo total da duración conxunta entre esta figura contractual e a figura de axudante doutor, nesta Universidade ou noutra distinta, non poderá exceder de oito anos. As situacións de incapacidade temporal, maternidade e adopción ou acollemento durante o período de duración do contrato, interromperán o seu cómputo.*

A finalidade principal da contratación de axudantes é a de completar a súa formación docente e investigadora. Non obstante, *poderán colaborar en tarefas docentes de índole práctica ata un máximo de 60 horas anuais.*"

**Trece. No Anexo I**, segundo o establecido no apartado 50 da Lei Orgánica 4/2007, modifícase o apartado de Profesor Axudante Doutor e Profesor Interino de Substitución nos puntos 3 e 4, da seguinte maneira:

**“3. Habilitación** para participar en concursos de acceso aos corpos de Catedrático de Universidade, Profesor Titular de Universidade, Catedrático de Escola Universitaria ou Titular de Escola Universitaria, ou pertenza a un destes corpos: 10 puntos.

**3.bis\*** *Estadías en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, españois ou estranxeiros distintos da USC:* puntuación máxima 8 puntos. Os méritos valorados neste apartado non poderán ser obxecto de valoración no apartado 4.4.

\* Apartado específico de aplicación só para provisión de prazas de profesores axudantes doutores.

**4. Experiencia investigadora:** puntuación máxima 25 puntos.

4.1. *Publicacións: libros, artigos científicos, capítulos de libros, patentes, etc. ata un máximo de 14 puntos.*

4.2. *Relatorios e comunicacións en congresos: máximo 3 puntos.*

4.3. *Participación en proxectos de investigación e actividades do artigo 83 da LOU: máximo 2 puntos.*

4.4. *Estadías noutros centros de investigación (non incluídas no apartado 3. bis): máximo 2 puntos.*

4.5. *Bolsas ou contratos de investigación: máximo 2 puntos (0,50 puntos por ano). Os tempos inferiores a 1 ano ratearanse por meses.*

4.6. *Outros méritos de investigación: máximo 2 puntos.”*

**Catorce.** O **Anexo II. Primeira.1.1**, segundo o establecido na Resolución do 15 de marzo de 2005, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos, queda redactado da seguinte maneira

1.1. *Os expedientes académicos valóranse consonte á seguinte táboa de equivalencias e sistema de cálculo:*

***Táboa de equivalencias:***

<i>Matrícula de honra</i>	<i>4</i>
<i>Sobresaliente</i>	<i>3</i>
<i>Notable</i>	<i>2</i>
<i>Aprobado</i>	<i>1</i>
<i>Validado</i>	<i>1*</i>

*\*No caso de que a validación sexa con cualificación ou se coñeza a cualificación de orixe aplicarase a puntuación que lle corresponda.*

***Cálculo da puntuación do expediente académico:***

*Plans renovados (por créditos):*

$\Sigma$  (nº. créd. materia X cualif. Materia) / (nº. convocatorias usadas na materia X nº créd. materia)

*Titulacións non renovadas:*

$\Sigma$  (cualificación da materia X 2, en materias anuais ou X 1, en materias cuatrimestrais) / (nº. convocatorias usadas na materia X 2. en materias anuais, ou X 1 en materias cuatrimestrais )

*Nas titulacións de 2º ciclo nas que se esixa proxecto de fin de carreira, este non se terá en conta para os efectos de valoración do expediente.*

*A puntuación obtida do expediente académico deberase multiplicar por un factor K nos seguintes casos:*

*Valores de K:*

*Profesor colaborador 2.00*

*Profesor axudante doutor 2.25*

*Profesor interino de substitución 2.25*

*Axudante 9.00*

**Quince. O Anexo II. Segunda** engádesse o apartado 4.

*4. Os documentos acreditativos que se relacionan aos efectos de acreditación dos méritos docentes alegados, consideraranse como medios preferentes de proba sendo posible acreditarlos por calquera medio de proba admisible en dereito e que sexa suficiente a xuízo desta universidade.*

**Dezaseis. Anexo II. Décima**, segundo o establecido no apartado 50 da Lei Orgánica 4/2007 para os efectos da valoración como mérito preferente da estadía noutras universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, queda redactado da seguinte maneira:

**"Décima. Normas para a determinación das puntuacións parciais e final**

### **1. Puntuacións parciais**

*Rendemento académico (RA)*

RA = [expediente X afin. da titulación] + (grao X afin. do grao) + (DEA X afin. do DEA) + (tese X afin. da tese) + (título especialista X afin. da especialidade)] / 3

*Experiencia docente (ED)*

ED = [(mérito1 X afin. do mérito1) + (mérito2 X afin. do mérito2) + (mérito3 X afin. do mérito3) + ...] / 3

*Experiencia investigadora (EI)*

EI = [(mérito1 X afin. do mérito1) + (mérito2 X afin. do mérito2) + (mérito3 X afin. do mérito3) + ...] / 3

### *Habilitación (H)*

***Estadía en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, españois ou estranxeiros distintos da USC (ES)***

### *Experiencia profesional (EP)*

EP = mérito1 + mérito2 + mérito3 + ...

### *Experiencia asistencial (EA)*

EA = mérito1 + mérito2 + mérito3 + ...

### *Outros méritos (OM)*

OM = mérito1 + mérito2 + mérito3+ ...

### *Actividade docente, investigadora e de xestión desenvolvida na USC (ADIXUSC)*

### *Proxecto de actividades docentes (PAD)*

PAD = Contido + Adecuación do proxecto ás características da praza + Metodoloxía docente

## **2. Puntuación final (PF)**

### *Profesor contratado doutor*

PF = RA + ED + EI + H + OM + puntuación da primeira proba + puntuación da segunda proba

### *Profesor colaborador*

PF = RA + ED + EI + H + OM + puntuación da primeira proba + puntuación da segunda proba

### *Profesor axudante doutor e profesor interino de substitución*

PF= RA + ED + **ES** + EI + H + OM + puntuación da 2ª fase

### *Profesor Asociado*

PF= RA + ED + EI + EP + OM + PAD

### *Profesor Asociado de Ciencias da Saúde*

PF= RA + ED + EI + EA + OM + PAD

### *Axudante*

PF= RA + ED + EI + OM

### *Profesorado Funcionario Interino*

PF= RA + ED + EI + OM

\*Nas prazas convocadas ao abeiro da Disposición adicional primeira a puntuación final calcularase do seguinte xeito:

*Profesor contratado doutor*

PF = RA + ED + EI + H + OM + ADIXUSC

*Profesor colaborador*

PF = RA + ED + EI + H + OM + ADIXUSC

*Profesor axudante doutor*

PF= RA + ED + **ES** + EI + H + OM + ADIXUSC"

**Dezasete.** *O Anexo IV, para adaptarse a táboa de afinidades do Real Decreto 774/2002, de 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación, queda redactado da seguinte maneira:*

*"Anexo IV. As táboas de afinidade aplicaranse coa seguinte orde de prelación:*

*A) En primeiro lugar, aplicarase a TÁBOA DE AFINIDADES ENTRE ÁREAS DE COÑECEMENTO que se establece no Anexo V do Real Decreto 774/2002, de 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación para o acceso a Corpos de Funcionarios Docentes Universitarios e o réxime de acceso dos concursos de acceso respectivo, e a súas actualizacións.*

*B) En segundo lugar, aplícase a TÁBOA DE AFINIDADES ENTRE ÁREAS DE COÑECEMENTO recollidas nesta Normativa como complemento e só para as áreas que non están comprendidas no apartado A deste Anexo IV."*